



Confederación Intersindical Galega

Á DIRECCIÓN XERAL DE MONTES

DA XUNTA DE GALICIA

ALEGACIÓNS DA CIG ÁO BORRADOR DA LEI DE MONTES DE GALICIA

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Que unha norma de tanto calado e importancia para o noso país, como a Lei que regula todo o relacionado cos montes e terreos forestais, sexa tramitada pola vía de urxencia, en pleno verán, con escasos vinte días de período de alegacións, e sen contar co consenso necesario da sociedade galega, deixa moito que desexar e condena a dita Lei a ser fonte de conflito e disputas.

É por iso que a primeira suxestión ou alegación que facemos desde a Confederación Intersindical Galega ao borrador da “Lei de Montes de Galicia”, é pedir a súa retirada e o comezo dun período de consulta e participación do conxunto da sociedade, por medio dos seus representantes e das organizacións relacionadas co mundo forestal e co medio ambiente. As Comunidades de Montes; as organizacións políticas, sindicais, agrarias, ecoloxistas, sociais; os Concellos e Mancomunidades; en definitiva, a sociedade galega, debe poder participar activamente a fin de establecer o maior consenso posíbel e a máxima complicidade, necesaria para que a norma teña eficacia e acade os seus obxectivos.



Confederación Intersindical Galega

Dar este paso, sería un xesto esperanzador, ao tempo que nos cargaría a todas as organizacións ás que nos referimos no parágrafo anterior, dun grao de responsabilidade importante que serviría de acicate para implicármonos no establecemento deste marco normativo.

De calquera xeito, sospeitamos que desgraciadamente non se vai tomar en consideración esta proposta de retirada do borrador e dunha elaboración participativa, polo que achegamos as seguintes

ALEGACIONES

[feitas en base ao texto sacado da páxina web da Consellería “borrador lei de montes de Galicia”]

O texto da exposición de motivos así como o do seu articulado, emprega unha linguaxe que se asemella máis a redacción da lei franquista do ano 1957, no que se potenciaba o monte cara a produción madeireira e no que os outros aproveitamentos forestais non tiñan case importancia. Esta lei galega non ten en conta as peculiaridades do monte galego, os predios pequenos e os montes veciñais en man común, a gran cantidade de incendios forestais, a pequena industria da madeira así como a posibilidade doutras industrias forestais. Non se fai un esforzo pola conciliación dos diferentes intereses e factores que actúan nos nosos montes, e o que é mais grave, non se potencia o asentamento da poboación no rural como peza que é fundamental para o desenvolvemento sustentábel. A palabra obriga cando se refire a propietarios aparece demasiadas veces, mentres que cando se refire á Administración, a que máis emprega é “poderá”. Estamos ante unha lei inxusta e impositiva cos propietarios e usuarios e transixente coa Administración Forestal da Xunta de Galicia.



Confederación Intersindical Galega

Destaca a intención de que cuestións conflictivas, como o gando que ande libre polo monte sen sinalar, ou sen autorización do propietario, deberá ser retirado do mesmo pola administración local; ou o traspaso aos propietarios da responsabilidade na extinción dos incendios... Semellan máis ben ser medidas de aforro da Xunta de Galicia.

Chama a atención tamén a negativa de abordar a ordenación dos usos do monte como un dos problemas máis conflictivos da xestión do monte galego. A pesares de recoñecer no preámbulo que os conflitos de usos son un dos motivos fundamentais dos incendios forestais

Sobre os incendios forestais non se establecen novas medidas para a súa prevención e incluso se reducen as previstas na Lei de Incendios de Galicia, o que consideramos un grave erro, sobre todo cando nesta lei se traballa en contra da conciliación dos diferentes actores do monte.

A protección da pequena industria da madeira, a trazabilidade dos produtos ou incluso a consecución dunha **marca galega para os produtos forestais** non se aborda nin se nomea na lei. As industrias agroalimentarias son ignoradas así como outros aproveitamentos como o da biomasa con destino diferente ao enerxético (compostaxe para abonos....).

Unha norma que debería contemplar a importancia do monte para o uso social e recreativo, a aposta por fomentar a sustentabilidade e a defensa do medio ambiente. O cumprimento das prescricións do protocolo de Kioto pola captación do CO₂ atmosférico que exerce...Nin se mencionan..

As comunidades de montes veciñais en man común quedan seriamente feridas nesta lei, en cuestións tan básicas como a negación ás exencións fiscais, a derogación da obriga da Xunta a súa tutela, a obriga ao deslinde e a loita contra as pragas, así como contra os incendios forestais por parte da



Confederación Intersindical Galega

Administración Forestal. E para rematar a imposibilidade de clasificar novos montes veciñais en man común quedando milleiros de hectáreas fora da posibilidade de ser retornada a súa propiedade aos veciños. Esta medida non é mais que por unha traba ao asentamento de cidadáns no rural.

Linguaxe empregada na lei, compre definir termos como “cortas de mellora ou de policía” (artig 92.7), e omitir aqueles que son subxectivos ou pouco concretos e anticuados como “mera comunicación”(art 95.3), “autorización da forestal”.

Por outra parte abundan os erros gramaticais e os castelanismos e outro tipo de expresións que non consideramos erros senón que abre as portas a diferentes interpretacións ou a indefinicións (vg “xeración dun impacto ambiental mínimo”, “poderá ser”, “a administración poderá fomentar”)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Bótase en falta a referencia a que esta norma é a primeira Lei de Montes galega e a súa importancia.

Tamén falta a referencia a orixe e singularidade da propiedade, reparto das terras e aproveitamento dos montes galegos así como unha adecuada referencia histórica.

TITULO PRELIMINAR

Cambiar a redacción do artigo 5 no seu punto 3 e engadir un novo punto, de xeito que se vincule de forma clara á Administración Galega no seu conxunto como garantista do dereito dos cidadáns a un medio ambiente adecuado sendo os montes unha parte fundamental deste, que quedaría redactado do seguinte xeito:



Confederación Intersindical Galega

3. A Administración da Comunidade Autónoma de Galiza procurará a conservación, protección, ordenación e mellora dos montes, habilitando os medios humanos e materiais que sexan necesarios para manter e potenciar esa función social.

A conservación, expansión e aproveitamento das masas forestais, ademais do aproveitamento multifuncional do monte, segundo criterios de xestión forestal sustentábel de acordo co disposto na presente Lei é de interese público e social sen prexuízo do réxime de propiedade.

Artigo 8. Definicións. Engadir a seguinte:

Axente forestal: funcionario/a que ostenta a condición de axente da autoridade pertencente ás administracións públicas que, acorde coa súa propia normativa e con independencia da denominación corporativa específica, ten encomendadas, entre outras funcións, as de policía e custodia dos bens xurídicos de natureza forestal e a de policía xudicial en sentido xenérico tal como establece o apartado 6 do artigo 283 da Lei de axuizamento criminal.

Así mesmo, deberían terse en conta moitas outras definicións que na redacción da lei son fundamentais para ter un vocabulario definido é axeitado a actualidade galega como :

Bosque, prado, pastizal, montes periurbáns, biomasa forestal, Zona de Alto Risco de Incendio, Tesela, cambio do uso forestal, cultivo enerxético forestal, Multifuncionalidade do Monte, Vía de Saca, Brigada de Investigación de Incendios Forestais, Distrito Forestal...

TITULO I. COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Este título queda bastante minguado xa que precisa dunha maior definición das competencias das diferentes administracións públicas e en especial da



Confederación Intersindical Galega

administración autonómica e da súa Consellería en materia de montes, da que é preciso unha recompilación das mesmas (non aparece ningunha). Sinalamos algunha das que nos parecen máis importantes:

- A Xestión dos montes cuxa administración e xestión teña atribuída legalmente.
- A regulamentación dos usos e aproveitamentos nos montes galegos.
- As actuacións en materia de sanidade forestal que sexan da súa competencia.
- A promoción da investigación e a educación en materia forestal.
- A xestión e conservación dos recursos xenéticos forestais e o control e

seguimento do material forestal de reprodución empregado nas repoboacións forestais.

O asesoramento e a colaboración no desenvolvemento da xestión dos montes veciñais, consonte aos principios da Lei.

TITULO II. CLASIFICACIÓN E RÉXIME XURÍDICO DOS MONTES.

A PROPIEDAD FORESTAL.

Compre definir a natureza dos montes veciñais en man común acorde coa súa lexislación específica, (lei 13/89 de montes veciñais en man común)

Natureza dos montes veciñais en man común.



Confederación Intersindical Galega

1. Os montes veciñais en man común teñen natureza especial derivada desta propiedade en común sen asignación de cotas e suxeita ás limitacións de indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade.
2. Non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial.

Propiedade dos montes veciñais en man común.

1. A propiedade dos montes veciñais en man común, con independencia da súa orixe, é de natureza privada e colectiva segundo definen os dous parágrafos seguintes.
2. A titularidade dominical e aproveitamento, sen asignación de cotas, é da comunidade de montes.
3. A comunidade de montes entenderase composta polas veciñas e veciños que a integren en cada momento.

Deslinde dos montes.

No que corresponde aos montes veciñais en man común o articulado exime da anterior responsabilidade á administración forestal e traslada este cometido aos propietarios. Dende a Confederación Intersindical Galega cremos que é un erro e que vai por en litixio a moitas comunidades xerando unha gran conflictividade. Propomos o cambio do articulado de xeito que quede como sinala o regulamento da lei de montes veciñais en man común e que sexa competencia da administración forestal, realizando esta tanto o deslinde como a fase posterior de marcar os lindeiros. Quedando o artigo 47.1 do seguinte xeito: *“os titulares dos montes públicos e dos montes veciñais en man común gozarán da potestade de ...”* e modificando os seguintes adecuándoos a estes criterios.



Confederación Intersindical Galega

Cambio de actividade agrícola a forestal.

Compre que siga vixente a prohibición de reforestación de terras agrarias para conquistar unha ordenación do territorio e minimizar as conflictividade polos usos, polo que propomos a supresión do artigo 61 e a inclusión dun novo punto no artigo 67: *“quedan prohibidas as repoboacións forestais en zonas adicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos”*

Condicións que deben cumprir as repoboacións forestais:

No artigo 67.2 prohíbe a “...repoboación da Acacia e calquera outro sen aproveitamento comercial relevante que se determine mediante Orde...”. Propomos que se modifique o texto de xeito que se teñan en conta a prohibición da repoboación con especies invasoras que é o que as debe condicionar de xeito principal polo potencial dano sobre os ecosistema forestal e non só o seu aproveitamento comercial relevante xa que este pode cambiar en base ás melloras tecnolóxicas ou esixencias do mercado (Exemplo Acacia sp., Eucaliptus sp, e algunhas especies do xénero Pinus).

Propomos un novo punto neste artigo para unha mellor regulación das repoboacións de xeito que non haxa a posibilidade de que se formen grandes extensións de cultivos monoespecíficos, co risco que supón para a proliferación das pragas, así como para a propagación dos incendios forestais e a consecuente perda de biodiversidade: *“As repoboacións de máis de 5 has que se fagan con especies da disposición adicional terceira da lei de incendios de Galicia, cando os predios colindantes sexan dalgunha especie das sinaladas, aínda que non coincidente coa a repoboar, farase unha franxa colindante de especies frondosas autóctonas que non será menor ao 15 % da superficie total a repoboar ou tres veces a altura media da especie principal”*.

TITULO III. DA PLANIFICACIÓN DA XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE



Confederación Intersindical Galega

Faltan pezas clave da planificación como é o **Inventario Forestal de Galiza** que debe ser, ademais dunha fonte de datos da realidade forestal galega, tamén unha fonte de información que permita tomar decisións respecto das posibles desviacións negativas que se detecten respecto do establecido na Estratexia Galega de Xestión

Tamén cómpre adaptarnos a realidade da morfoloxía e características bioclimáticas da nación galega polo que é fundamental trazar a **Estratexia Galega de Xestión Sustentábel** onde se establecerán os fitos que debemos percorrer para a consecución do modelo de monte, logo a ferramenta para a súa consecución será o **Plan Forestal de Galicia** e, aínda que neste título dáselle unha grande importancia ao Plan Forestal de Galicia, refírese ao actual sen propor os termos para a elaboración dun novo. Require unha avaliación profunda e modificación xa que non deu resposta adecuada a unha xestión forestal sostible e non responde aos requirimentos ambientais e forestais que se teñen a día de hoxe. Cuestións como a proliferación de enfermidades e pragas dalgunha das especies sinaladas como prioritarias, tratamentos silvícolas demasiado custosos, a devaluación económica dos seus produtos, unha xestión na que non se teñen en conta de xeito adecuado outros produtos do monte, así como a actual perda de biodiversidade dos nosos montes como resultado dos incendios forestais e das grandes infraestructuras....cómpre traballar primeiramente cara un novo Plan Forestal. Polo que propomos que no artigo 72 se estableza un prazo o mais curto posíbel para a realización dun novo Plan Forestal. Os artigos referentes ao Plan forestal quedaran redactados do seguinte xeito:

Artigo 72. Plan Forestal de Galiza.

1. O Plan Forestal de Galiza é o instrumento básico de referencia da política forestal galega a longo prazo, no que se avalía a situación do monte galego e no que se diseña e se establecen as directrices, programas, medios,



Confederación Intersindical Galega

investimentos, fontes de financiamento e fases de execución da política forestal, así como os mecanismos de seguimento e avaliación necesarios para o seu cumprimento.

2. O Plan Forestal de Galiza desenvolverá a Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel, que tamén se terá en conta nas revisións e modificacións do devandito Plan.

3. O Plan Forestal de Galiza terá unha vixencia de 20 anos e poderá ser revisado previamente á finalización da súa vixencia segundo os mecanismos establecidos no devandito Plan.

Artigo ... Contido do Plan Forestal de Galiza.

O contido básico do Plan Forestal de Galiza comprenderá as accións seguintes:

- 1. Forestación, restauración das cubertas vexetais e a protección forestal fronte a erosión.*
- 2. Protección hidrolóxica-forestal.*
- 3. Defensa dos montes contra os incendios e as pragas forestais.*
- 4. Usos agrogandeiros compatíbeis con modelos forestais.*
- 5. Uso público recreativo e educación ambiental.*
- 6. Investigación ecolóxica-forestal.*
- 7. Industrialización e axeitada comercialización dos produtos forestais.*



Confederación Intersindical Galega

- 8. Definición das ferramentas para o financiamento dos custos previsíbeis das accións programadas.*
- 9. Participación social e desenvolvemento económico.*
- 10. Conservación e mellora dos recursos xenéticos forestais.*
- 11. Mellora da rendibilidade dos montes e reorganización das propiedades.*
- 12. Incentivos e sistemas de financiamento das inversións no monte.*
- 13. Promoción do consumo dos produtos forestais sustentábeis.*

Artigo Elaboración, revisión e modificación do Plan Forestal de Galiza.

- 1. A consellaría competente en materia forestal elaborará o Plan Forestal de Galiza, que será aprobado polo Consello da Xunta, oído o Consello Forestal de Galiza.*
- 2. Na elaboración do Plan, co fin de propiciar a maior participación social, serán consultados por medio dos seus órganos de representación: as persoas propietarias forestais, particulares e montes veciñais, as entidades locais, o sector empresarial e os demais axentes sociais e institucionais interesados. A estes efectos, establecerase un trámite de información pública conforme ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.*
- 3. A revisión do Plan fundamentarase no diagnóstico derivado da análise do inventario forestal de Galiza e outros estudos que se estimen necesarios e implicará o cambio ou axuste xeneralizado das medidas establecidas no plan*



Confederación Intersindical Galega

así como dos seus obxectivos. O procedemento de revisión será o mesmo que o de elaboración.

4. As alteracións que non afecten ás directrices ou programas do plan nin aos seus obxectivos e que como tales se definan en dito plan, consideraranse simples modificacións puntuais e poderán ser realizadas directamente pola consellaría competente en materia forestal, dando conta da súa execución ao Consello da Xunta, oído o Consello Forestal.

5. Nos prazos que fixe o propio Plan, deberá avaliarse o seu grao de execución e, de se considerar pertinente, tramitar as oportunas modificacións ou revisións. No caso de acometerse modificacións, as mesmas tramitaranse consonte ao procedemento previsto para a elaboración e aprobación inicial do Plan.

Artigo Eficacia vinculante do Plan Forestal de Galiza.

1. Os obxectivos que conteña o Plan Forestal de Galiza serán vinculantes para a consellaría competente en materia forestal e as súas directrices determinarán o marco no que se elaborarán os plans de ordenación dos recursos forestais e os instrumentos de xestión forestal e definirán as actuacións das distintas administración públicas no ámbito da presente lei.

2. O Consello da Xunta deberá ter en conta nas leis anuais de orzamentos as previsións orzamentarias incluídas no Plan Forestal de Galiza para a anualidade correspondente.

A modificación da devandita previsión orzamentaria polo Consello da Xunta poderá implicar a revisión de oficio do programa de investimentos previsto no Plan Forestal de Galiza



Confederación Intersindical Galega

3. A consellaría competente en materia forestal poderá establecer liñas de axuda técnica e económica para o cumprimento dos fins contidos en dito plan.

Corredores ecolóxicos na Planificación Forestal.

Compre un artigo que faga referencia aos corredores ecolóxicos garantindo a súa protección e potenciando a súa formación ao abeiro da lei 42/2007 de Protección do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. É dicir que se garanta unha superficie arborizada continua con especies autóctonas de xeito que se conforme como corredor ecolóxico esencial para as transmisións e persistencia da flora e fauna evitando o efectos do illamento nas poboacións vexetais e nas animais. Este aspecto non pode quedar fóra da planificación polo que debe vir contemplado no Plan Forestal de Galicia así como no resto dos planeamentos e documentos de ordenación e de xestión forestal.

TITULO IV. RECURSOS FORESTAIS

Pastoreo.

Debese obrigar á identificación clara e visible a certa distancia para posibilitar a vixilancia e control dos animais que pastorean por predios forestais co gallo de identificar aos seus propietarios, en especial no gando vacún e cabalar. Polo que propomos un novo punto neste senso.

A xestión e administración do gando que deambule nas zonas forestais sen identificación o sen autorización por parte do propietario non debera ser dos concellos que na súa maioría carecen dos medios e recursos necesarios. Isto vai facer que na práctica ninguén se encargue de retirar estes animais aumentando a conflictividade polos usos como xa indicamos con anterioridade.

Esta competencia debera ser da administración forestal en colaboración daquela competente en sanidade animal e gandería. Polo que a vixilancia,



Confederación Intersindical Galega

control, xestión e retirada farase polos axentes e persoal propio da Xunta de Galicia sen prexuízo das accións que lle correspondan aos propietarios dos montes. Neste senso modificaranse os puntos 4 e 5 do artigo 86.

Servizos do Monte.

Artigo 88 Modificar o punto 3 nos seguintes termos: *“No caso de que se vertan ou abandonen residuos ao monte por mor da realización de actividades previstas no punto 2, o responsable será quen os orixine e subsidiariamente a persoa/as promotoras da actividade. No caso de que a actividade se realízase sen os oportunos permisos o propietario/a do monte terá esa responsabilidade.”*

De cara a eliminación do risco potencial de incendios forestais que pode supor o abandono de certo tipo de residuos no monte propomos engadir un novo punto para que a administración forestal poderá executar de xeito subsidiario a súa recollida.

Biomasa Forestal.

Propomos que se redacte un novo punto polo que se consideren e regulen outras aplicacións para a biomasa forestal como por exemplo a compostaxe.

TITULO V. DAS INFRAESTRUCTURAS FORESTAIS

En xeral consideramos que a día de hoxe non é preciso modificar os termos aos que se refire a definición das infraestructuras forestais, así como das características e prescricións que estas deben ter. Débense empregar os que se utilizan na Lei de Incendios de Galicia, xa que pode crear confusión, dado que non pasou o tempo suficiente para que dunha avaliación sería dese como conclusión a invalidez destes termos e das súas prescricións. Na actualidade a grande cantidade de biomasa existente nos montes galegos, a falla de



Confederación Intersindical Galega

desenvolvemento do rural e o asentamento da poboación xunto co número de incendios acaecidos cada ano en Galicia non o xustifican.

Propomos a eliminación do artigo 97.b. porque os cargadeiros temporais de madeira en rolo sí deben ser considerados depósitos de produtos inflamables polo que se deben amarear mantendo unas condicións de seguridade determinadas. Isto non só é unha cuestión fundamental para evitar a propagación dun incendio forestal senón tamén para a seguridade dos traballadores/as que traballan na extinción.

Neste mesmo artigo o punto c) debera estar mellor redactado e, aínda que unha máquina estacionada non crea situación de risco de incendio, sí contén sustancias altamente inflamable polo que se deben ter en conta.

Pistas forestais.

Proposta de ampliación do artigo 98, punto 3, para garantir a seguridade dos traballadores da extinción de incendios así como outros usuarios: *“En todo caso as pistas forestais terán saída ou/e viradoiros adecuados para que os vehículos antiincendios podan dar volta e no caso dos viradoiros estará sinalizado a pista cortada ao comezo da mesma”.*

TITULO VI. A CADEA MONTE-INDUSTRIA

Cambiar no artigo 101,a indefinición de poderá por: *“...a administración forestal impulsará a creación de mesas sectoriais...”.*

Propomos que a Administración Forestal impulse e fomente a creación dunha **Marca Galega para a comercialización dos nosos produtos forestais co establecemento dun sistema de control da orixe e trazabilidade.** Nesta Marca Galega a administración galega implicará de xeito especial aos



Confederación Intersindical Galega

pequenos produtores e pequenas empresas transformadoras aos que asesorará e apoiará.

TITULO VII. EDUCACIÓN, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

Propomos que nos programas de divulgación se engada un novo punto en referencia a potenciar a valorización do traballo no monte galego. Tamén compre o impulso e posta en valor do traballo dos empregados públicos que traballan na extinción dos incendios forestais en Galicia así como impulsar o coñecemento pola sociedade dos axentes forestais e das súas funcións.

Investigación

Propomos un novo punto no artigo 109. *“e) Investigación dos Incendios Forestais por medio das Brigadas de Investigación e Prevención de Incendios Forestais e o establecemento de canles de colaboración con outras institucións públicas”.*

TITULO IX PRAGAS, ENFERMIDADES FORESTAIS

E DEFENSA FITOSANITARIA

Cando se declara unha enfermidade de tratamento obrigatorio a Xunta de Galicia obriga ao seu tratamento por parte dos seus propietarios pero non se obriga a sí mesma á tutela e o asesoramento dos montes veciñais en man común, doutros propietarios forestais e das organizacións do sector forestal e ambiental. Propomos que os artigos deste capítulo se redacte nestes termos xa que a administración ten que ser garantista do dereito ao medio ambiente adecuado que temos a sociedade no seu conxunto.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS



Confederación Intersindical Galega

Non admitimos a modificación substancial da Lei de Incendios mediante a Lei de Montes. Precisaríase un debate independente e participativo. A nivel xeral consideramos que é pronto para facer unha avaliación da Lei de 2007 e que non cambiaron de xeito importante as condicións da biomasa forestal, o asentamento da poboación, as condicións bioclimáticas... o que xustificaría os cambios.

Por iso pedimos a anulación das disposicións que cuestionan ou modifican a Lei de Incendios de Galicia.

O CAMBIO CLIMÁTICO:

O denominado “efecto invernadoiro” que hoxe tanto nos preocupa é un fenómeno que na súa maneira natural resulta necesario para o desenvolvemento da vida na terra. Os gases presentes na atmosfera, como o dióxido de carbono, o vapor de auga ou o metano, dificultan a perda de calor do planeta e fan que a temperatura media se sitúe nos 15° C de promedio que fan que a superficie da terra sexa un medio acolledor para a vida.

O problema é que na actualidade este fenómeno vese potenciado en exceso e dun xeito demasiado rápido polas actividades humanas liberadoras de gases de efecto invernadoiro, na atmosfera, en especial de dióxido de carbono derivado do emprego dos chamados combustibles fósiles –carbón, petróleo e gas natural- como fonte de enerxía primaria.

O detectar o problema do cambio climático mundial, a Organización Meteorolóxico Mundial e o Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente crearon un Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC), composto por expertos procedentes de tódolos países para avaliar a situación e axudar a toma de decisións que poidan mitigar este grave problema que xunto coa perda de biodiversidade é un dos problemas máis



Confederación Intersindical Galega

grave que ten o planeta dende o punto de vista medioambiental. Este importante traballo que está levando a cabo o IPCC foi premiado co Premio Nobel da Paz, premio que compartiu co presidente do Grupo, Rajendra Pachauri e co exvicepresidente norteamericano Al Gore, que foi o que puxo coa súa “verdade incómoda” a parte máis mediática e política desta cuestión.

As principais conclusións do Cuarto Informe de Avaliación Global as que chegou o IPCC (coñecido como ar4), son as seguintes:

- O calentamento do clima global da Terra e inequívoco.
- As actividades humanas como causante dos cambios.
- Urxencia da adopción de medidas.
- A perda de PIB baseado no “Informe Stern sobre a Economía do Cambio Climático” que di que o non actuar para mitigar o cambio climático pode supoñer perdas económicas dende un 5% ata un 20% (pode consultarse na páxina web: www.hm-treasury.gov.uk/sternreview_index.htm).

RESPOSTA XURÍDICA INTERNACIONAL O CAMBIO CLIMÁTICO:

A Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático constitúe o instrumento xurídico internacional máis importante para combater este grave problema, asinouse no marco da Conferencia de Río de Janeiro sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento, entrou en vigor o 21 de marzo de 1994 e na actualidade conta con máis de 180 Estados Partes. O obxectivo é lograr a estabilización das concentracións de gases de efecto invernadoiro na atmosfera a un nivel que impida interferencias antropoxénicas perigosas no sistema climático. 2).

O sistema do Protocolo de Kioto para lograla redución de emisións de GEI:



Confederación Intersindical Galega

O propio Protocolo de Kioto menciona expresamente un amplo número de políticas e medidas que se consideran necesarias e fundamentais para que as Partes que participan poidan adquirir uns **compromisos**: fomento da eficiencia enerxética nos sectores pertinentes da economía nacional; **protección e mellora dos sumidoiros e depósitos dos GEI** (gases de efecto invernadoiro); promoción de modalidades agrícolas sostibles; desenvolto e uso de formas novas de enerxía, de tecnoloxías de captación de CO₂; redución de subsidios para actividades que sexan perniciosas para o medio ambiente, adopción de medidas para a redución de emisións de GEI polo transporte; e o control das emisións de metano na xestión do lixo.

Pero ademais, o protocolo de Kioto establece un sistema propio para avaliar e facilitar o cumprimento polos estados membros dos compromisos de redución de emisións asumidos, sendo os caracteres fundamentais os seguintes:

- Cada Parte do Protocolo con compromisos na redución ten asignada unha cantidade atribuída específica de emisións para o período 2008-2012 composta por “unidades de cantidade atribuídas” (UCAs), cada unha das cales significa unha tonelada métrica de dióxido de carbono equivalente.
- Os Estados Parte poderán contabilizar, a efectos do cumprimento dos seus obxectivos, **as “Unidades de Absorción” (UDAs)**, equivalentes as unidades de cantidade atribuídas que se deriven das actividades relacionadas co **uso da terra , o cambio de uso da terra ou a SILVICULTURA que aumenten os sumidoiros de carbono (e foran certificadas por expertos)**.

Considéranse “sumidoiros de gases de efecto invernadoiro” os ecosistemas capaces de absorber máis CO₂ do que emiten, actuando como unha trampa de carbono sendo o mar o sumidoiro natural por



Confederación Intersindical Galega

autonomasia, pero tamén se considera a **VEXETACIÓN TERRESTRE** como un sumidoiro. Onde quedaron reflectidos os límites cuantitativos ou as UDAs que pode obter cada Parte foi nos Acordos de MarraKech.

En base ao anterior facemos as seguintes propostas:

- Compre destacar notoriamente que o PROTOCOLO DE KIOTO apareza representado na lei.
- Establecer, facilitar e incentivar un mecanismo de CERTIFICACIÓN que permita que os nosos monte aparezan como verdadeiros sumidoiros de CO₂
- Que os silvicultores nos vexamos favorecidos dalgún xeito por estar contribuindo a redución de CO₂ da atmosfera a costa dos que contaminen, xa que si se crea o Mercado de Emisións os silvicultores debemos participar dese mercado por estarlle aforrando as multinacionais e o Estado multas ou custes por incumplir o Protocolo de Kioto, ben mediante desgravacións fiscais, ben por retribucións económicas ou calquera outro mecanismo.
- Deixar aberta a posibilidade a que se poida desenvolver regulamentariamente un mecanismo para que as empresas ou quen emitan CO₂ poidan establecer convenios con propietarios de montes para que así elas contribúan á mitigación do cambio climático.

Ourense, a 11 de xullo de 2011.

Asinado: Anxo Pérez Carballo

Secretario Confederal de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel
da Confederación Intersindical Galega